

CRITERIOS E MECANISMOS DE RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES CURSO 2022-2023

Departamento	Criterios e procedementos	Data das probas
Inglés	<p>O inglés é unha materia con contidos progresivos, polo tanto, os obxectivos fixados na programación solápanse dun curso a outro. Así, a maior parte dos contidos xerais son similares ó longo de secundaria, o cal facilita a recuperación de materia dun curso para o seguinte. Polo tanto, os contidos, criterios de avaliación e os obxectivos, que serán os mesmos que os fixados para cada curso.</p> <p>Se un alumno acada os obxectivos do curso no que está matriculado, automaticamente ten acadados os do curso anterior que é o nivel inferior.</p> <p><u>Avaliación da materia pendente:</u> Seguindo estas premisas, para a recuperación desta materia propoñeránselle ós alumnos fichas de traballo e teranse en conta estes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se o alumno realiza os traballos propostos e aproba a primeira e segunda avaliación da materia no curso no que está matriculado, recupera o inglés do curso anterior por avaliación continua. • De non ser así, entón terá que facer un exame no mes de maio do inglés pendente. • Se o alumno non realiza os traballos, só poderá recuperar a materia pendente no exame de maio. <p>O plan de traballo consistirá en fichas de repaso dos contidos do curso anterior baseándose na programación. Daránselles ós alumnos segundo o criterio do profesor. Corrixiráselles e serán devoltos aos alumnos. Faráselle un seguemento a cada alumno destes traballos de recuperación.</p> <p>Os exames de maio realizaranse baseándose nos traballos de recuperación entregados ó alumnado.</p>	<p>Inglés de 1º pendente: Martes 9 de maio de 2023 na hora de clase de inglés</p> <p>Inglés de 2º pendente: Martes 9 de maio de 2023 na hora de clase de inglés</p> <p>Inglés de 3º pendente: Xoves 11 de maio de 2023 na hora de clase de inglés</p>

<p>Xeografía e Historia</p>	<p><u>Contidos esixibles:</u> O plan anual de recuperación basearase en exercicios das unidades didácticas establecidos polo Departamento e distribuídos segundo a temporalización establecida nesta Programación e baseados nos estándares mínimos.</p> <p><u>Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes de cursos anteriores:</u> Durante o curso levarán a cabo actividades dirixidas trimestralmente para a recuperación da materia baseadas nos obxectivos, estándares e criterios mínimos de avaliación establecidos para cada materia e curso. Serán mandados traballos trimestrais entregando boletíns de exercicios, que teñen que ser devoltos feitos e serán corrixidos polo profesor. Se se aproban os traballos, non se realizará proba escrita. Se non se entregan os traballos encomendados ou non están correctamente feitos, haberá unha proba escrita no mes de maio e outra extraordinaria, baseadas nos contidos, criterios de avaliación e estándares mínimos contemplados na programación didáctica da materia, nas datas fixadas por Xefatura de Estudos, que este ano será o 24 de maio.</p> <p><u>Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua:</u> Os alumnos tamén poderán optar pola realización de exames, tamén baseados nos obxectivos, estándares e criterios mínimos de avaliación establecidos para cada materia e curso. Os que non superen algún destes exames poderá realizar un exame de recuperación a final de curso. A aprobación dos exames parciais exige da realización do exame final. A aprobación deste exame ou a superación das actividades encomendadas implicará a aprobación da materia.</p>	<p>Mércores 24 de maio ás 14:00 (Dep. Xeo/Hist)</p>
---------------------------------	---	---

Física e Química

Para a recuperación da materia pendente de Física e Química de 2o ESO e 3o ESO, o departamento convocará ó alumnado coa materia pendente a unha reunión na que se lles entregará unha serie de exercicios de repaso que deberán entregar resoltos no prazo estipulado.

Estableceranse unha serie de datas para titorías, resolución de dúbidas ou calquera problema relacionado coa recuperación da materia. Estas datas serán establecidas nas primeiras semanas do curso, en función do horario do alumnado e do profesorado e seranlles facilitadas ó alumnado coa materia pendente e simultaneamente ó titor e a xefatura de estudos.

Criterios de avaliación:

1. Será obrigatorio presentar debidamente realizados os boletíns de exercicios que o Departamento entregue ó alumnado coa materia pendente. Deberanse entregar as fotocopias cos exercicios propostos e as súas solucións en boas condicións e no prazo estipulado. Non se aceptarán rotos, dobrados,... nin exercicios entregados fora de prazo.
2. Non se aceptarán boletíns con preguntas sen resolver, sen a fotocopia das preguntas ou en mal estado. Todas as preguntas deberán contestarse en folios e non no propio boletín de exercicios a menos que se indique o contrario. As dúbidas poderanse formular durante o prazo de realización.
3. O alumno terá dúas oportunidades para superar a totalidade da materia. Se o alumno supera a primeira proba quedará exento de presentarse á segunda. Se non supera a materia na primeira oportunidade ou non se presenta á proba, terá unha segunda oportunidade en maio.
4. Informarase ao alumno con antelación dos contidos a traballar en cada unha das partes na que se dividirá a materia e a continuación iránselle entregando os boletíns que debe traballar e posteriormente entregar.
5. No caso de non entregar os exercicios nas datas que sinala o Departamento por causa inxustificada, que o Departamento valorará, os alumnos perderán o dereito de realizar os exames parciais.
6. Os boletíns de exercicios copiados serán cualificados con cero puntos e o alumnado implicado perderá o dereito a realizar as probas parciais.

1ª oportunidade:

Mércores 18 de xaneiro, ás 11:10
(Biblioteca)

2ª oportunidade:

Mércores 10 de maio, ás 11:10
(Biblioteca)

	<p>7. Os exercicios puntuarán un 20% da nota e o exame un 80%. Para considerar a materia recuperada deberase acadar unha puntuación final mínima de 5 puntos sobre 10.</p> <p>8. Se o alumno (que deba presentarse) non comparece en ningunha das citadas oportunidades, implicará unha avaliación negativa da materia na respectiva convocatoria.</p> <p>9. A avaliación da materia estará baseada nos criterios de avaliación mínimos.</p>	
<p>Francés</p>	<p>Ao principio de curso, entregaremos ao alumnado pendente de Francés un informe cos contidos e modo de recuperación do curso en cuestión.</p> <p>En todo caso, o proceso de recuperación da materia é o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A profesora entregarlle ao/á alumno/a unha serie de fichas que este deberá ir entregando nas datas sinaladas pola profesora ata completalas todas. O/A alumno/a realizará no mes de maio un exame escrito baseado nas fichas que lle serán devoltas corrixidas pola profesora. <p>A nota obtida neste exame será a nota final da materia pendente.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Outra posibilidade para recuperar a materia é aprobar dúas avaliacións do curso seguinte na mesma materia: O/A alumno/a que aprobe a 1ª e 2ª avaliación do curso no que se atope consideráraselle aprobado o curso seguinte. 	<p>Martes 15 de maio ás 12:00 (Aula de 3ªA)</p>
<p>Matemáticas</p>	<p><u>Criterios de cualificación:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Ao alumnado facilitaráselle varios boletíns de exercicios que deberán ser entregados resoltos antes das datas fixadas. - O alumno/a poderá preguntar dúbidas que lle vaía xurdindo a profesora do seu curso actual ou a xefa de departamento. 	<p>Matemáticas de 2º pendente: <u>1º exame:</u> Venres 20 de xaneiro, ás 10:05 (A. Inform.2)</p> <p><u>2º exame:</u> Venres 21 de abril,</p>

- Os boletíns serán avaliados cunha nota numérica de 0 a 10. Se un boletín non fose entregado resolto ao profesorado no prazo establecido, a nota correspondente a ese boletín sería 0.
- Realizarase dúas probas escritas cos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliados tratados nos boletíns requiridos. O obxectivo destas dúas probas é dividir a materia a avaliar.
- A nota final será calculada da seguinte maneira: media aritmética de todos os boletíns de exercicios, cun peso total do 20% sobre a nota final e un peso do 80% a media aritmética das probas escritas.
- O alumno/a superará a materia de pendentes se a nota final redondeada a un número natural é 5 ou superior. De non superar a materia, terá dereito a unha proba extraordinaria, cos contidos mínimos da materia.
- Se o alumno/a aproba a materia de matemáticas do curso actual aprobará as materias pendentes desta área de cursos anteriores.

ás 10:05
(A. Inform.2)

Exame
extraordinario:

Venres 28 de abril,
ás 10:05
(A. Inform.2)

Matemáticas de 3º
pendente:

1º exame:

Venres 20 de
xaneiro, ás 12:00
(A. Inform.2)

2º exame:

Venres 21 de abril,
ás 12:00
(A. Inform.2)

Exame
extraordinario:

Venres 28 de abril,
ás 12:00
(A. Inform.2)



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE**

Rúa Socortes, 18
15873 Bembibre - Val do Dubra
Tfno: 881866981 / 881866988
cpi.bembibre@edu.xunta.gal
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpibembibre/>

CALENDARIO DE PENDENTES – CURSO 2022-2023

CPI BEMBIBRE - XANEIRO 2023

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
2	3	4	5	6
VACACIÓNS DE NADAL	VACACIÓNS DE NADAL	VACACIÓNS DE NADAL	VACACIÓNS DE NADAL	VACACIÓNS DE NADAL
9	10	11	12	13
16	17	18 - Física e Química (1ª oportunidade)	19	20 - Matemáticas 1º exame, 2º ESO - Matemáticas 1º exame, 3º ESO
23	24	25	26	27
30	31			



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE**

Rúa Socortes, 18
15873 Bemibre - Val do Dubra
Tfno: 881866981 / 881866988
cpi.bemibre@edu.xunta.gal
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpibemibre/>

CALENDARIO DE PENDENTES – CURSO 2022-2023

CPI BEMBIBRE - ABRIL 2023

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
3 VACACIÓNS DE SEMANA SANTA	4 VACACIÓNS DE SEMANA SANTA	5 VACACIÓNS DE SEMANA SANTA	6 VACACIÓNS DE SEMANA SANTA	7 VACACIÓNS DE SEMANA SANTA
10 VACACIÓNS DE SEMANA SANTA	11	13	13	14
17	18	19	20	21 - Matemáticas 2º exame, 2º ESO - Matemáticas 2º exame, 3º ESO
24	25	26	27	28 - Matemáticas Exame extra., 2º ESO - Matemáticas Examen extra., 3º ESO



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE**

Rúa Socortes, 18
15873 Bembibre - Val do Dubra
Tfno: 881866981 / 881866988
cpi.bembibre@edu.xunta.gal
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpi.bembibre/>

CALENDARIO DE PENDENTES – CURSO 2022-2023

MAIO 2023

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1 DÍA DO TRABALLO	2 DÍA NON LECTIVO ELEXIDO POLO CENTRO	3	4	5
8	9 - Inglés, 1º e 2º ESO	10 - Física e Química (2ª oportunidade)	11 - Inglés, 4º ESO	12
15	16 - Francés	17 DÍA DAS LETRAS GALEGAS	18	19
22	23	24 - Xeografía e Historia	25	26
29	30	31		